

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14817 *Real decreto 1588/2012, do 23 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas, para adaptalo á nova denominación e estrutura dos departamentos ministeriais.*

A nova estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais quedou establecida mediante o Real decreto 1823/2011, do 21 de decembro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, e o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais. Posteriormente, estas disposicións foron desenvolvidas polos correspondentes reais decretos de estrutura orgánica de cada departamento.

En particular, o Real decreto 344/2012, do 10 de febreiro, desenvolveu a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e o Real decreto 257/2012, do 27 de xaneiro, desenvolveu a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

A nova estrutura departamental supón a creación e desaparición de distintos órganos superiores e directivos, así como a asignación de novas denominacións e funcións a outros xa existentes, o que aconsella realizar un labor de depuración das denominacións que se atribúen aos distintos órganos superiores e directivos dos departamentos ministeriais en diferentes normas regulamentarias en vigor, para os efectos de adaptalas ás vixentes estruturas e denominacións, actualizando desta forma a normativa de aplicación, co que se reforza e garante a seguridade xurídica.

Esta adecuación ás novas estruturas e denominacións é especialmente necesaria no caso dos órganos colexiados, dado que as dúbidas que poden xurdir sobre a súa efectiva composición actual poden xerar dificultades en canto á súa convocatoria e normal funcionamento.

Así, as reestruturacións mencionadas fan necesario proceder ás oportunas adaptacións no Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas, en cuxo artigo 10 se crea unha Comisión Interministerial de Seguimento, adscrita ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Polo anterior, mediante este real decreto modifícase, pola súa vez, o real decreto antes mencionado, e actualízanse do mesmo modo as referencias aos órganos superiores ou directivos dos demais departamentos ministeriais citados nel.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de novembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas.*

Un. As mencións que se fan na disposición adicional segunda do Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, e nos artigos 1.1, 10.1 e 10.2 do regulamento que se aproba ao

«Ministerio de Industria, Turismo e Comercio» quedan substituídas por mencións ao «Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo».

As mencións que se fan nos artigos 2.4 e 8.3 do Regulamento á «Dirección Xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información» quedan substituídas por mencións á «Subdirección Xeral de Contidos da Sociedade da Información».

A mención que se fai no artigo 7.1 do Regulamento ao «Ministerio de Cultura» queda substituída por unha mención ao «Ministerio de Educación, Cultura e Deporte».

Dous. O número 3 do artigo 10 do regulamento que se aproba queda redactado do seguinte modo:

3. A citada Comisión estará composta:

a) Polo presidente, que será o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

b) O vicepresidente, que será o secretario de Estado de Comunicación do Ministerio da Presidencia. O vicepresidente substituirá o presidente en caso de ausencia.

c) Sete vogais, que serán o director de gabinete do secretario de Estado de Telecomunicacións e Sociedade da Información; o subdirector xeral de Contidos da Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo; o subdirector xeral de Fomento da Industria Cinematográfica e Audiovisual do organismo autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais; un representante do Ministerio da Presidencia; dous funcionarios designados polo subdirector xeral de Contidos da Sociedade da Información, de entre os membros desa subdirección xeral, un dos cales exercerá as funcións de secretario da Comisión, e un funcionario designado polo director xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Cando, por razóns xustificadas, estes vogais non poidan asistir ás reunións da Comisión serán substituídos por outros funcionarios pertencentes ao mesmo órgano directivo ou organismo e do mesmo rango que os vogais titulares. No caso dos vogais que forman parte da Comisión en razón do seu cargo, o suplente será designado polo seu superior inmediato. No caso dos vogais designados polo titular dun órgano superior ou directivo, será este quen designará o seu suplente.»

Disposición adicional única. *Non incremento do gasto público.*

O disposto no presente real decreto non poderá orixinar un aumento do gasto público. Os órganos colexiados a que se refire este real decreto serán atendidos cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao órgano superior ou directivo no cal se encontran integrados.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de novembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN